



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A FRATERNIDAD LOCAL DE LA ORDEN FRANCISCANA SEGLAR DE MONDOÑEDO PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE RESTAURACIÓN DO RETABLO MAIOR DA CAPELA DA VENERABLE ORDE TERCEIRA DO ANTIGO CONVENTO DE ALCÁNTARA, MONDOÑEDO (LUGO)

Santiago de Compostela, **24 XUN. 2024**

REUNIDOS

Dunha parte don José López Campos, actuando en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu cargo de conselleiro polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle concede o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, D. Valentín Ínsua Palacios, actuando en representación da Fraternidade Local da Orden Franciscana Seglar de Mondoñedo, en virtude da súa condición de ministro da orde, con plena potestade como administrador, nomeado na reunión plenaria celebrada con data 14 de decembro de 2019.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Os apartados 1) e 2) do artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei. Do mesmo xeito, o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, encomenda aos concellos a obriga de protexer, difundir e fomentar o valor cultural dos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial.



Terceiro: Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia recoñece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: O conxunto de Alcántara está protexido polo seu valor cultural ao ser un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG) (DOG núm. 92 do 16.05.2016). O inmovible está incluído dentro do ámbito da cidade histórica de Mondoñedo, declarada Conxunto Histórico Artístico o 2.05.1985; está recollido na ficha núm. 55 do catálogo do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico do 24.03.1994 (BOP 15.04.1994) e no catálogo do Plan Básico Autonómico coa clave 27030_14687.

Este conxunto tamén está dentro do territorio histórico do Camiño Norte, Ruta da Costa que está recoñecido como unha das rutas principais do Camiño de Santiago en base ao disposto no artigo 73.2 da LPCG e conta con delimitación aprobada polo Decreto 158/2014, do 27 de novembro. Ademais o Camiño Norte, Ruta da Costa está inscrito na Lista do patrimonio mundial da UNESCO como extensión do Camiño de Santiago, polo que está considerado como Ben de Interese Cultural(BIC) en base ao sinalado no artigo 75.1 da citada lei.

A capela da Venerable Orde Terceira forma parte do complexo monumental de Alcántara, antigo convento de san Pedro de Alcántara, do cal só se conservan a igrexa de san Pedro, a capela da Venerable Orde Terceira, a antiga sancristía da capela, así coma restos do antigo claustro do mosteiro. Está situada na praza de Jaime Cabot dentro dos límites do Conxunto Histórico-Artístico de Mondoñedo, fóra do recinto urbano medieval, no límite suroeste do conxunto histórico sobre unha explanada que se eleva sobre este e a catedral.

A igrexa de san Pedro foi consagrada no ano 1731, é de estilo renacentista, obra do relixioso alcantariano Frei Lorenzo de Santa Teresa. Ten unha nave de tres tramos cubertos con bóvedas e cúpula rebaixada e un retablo maior de estilo neoclásico de mediados do XIX e outros dous laterais da mesma época. Esta igrexa foi rehabilitada e actualmente acolle o Centro Cultural de Alcántara sobre escritores e músicos mindonienses, así coma o Centro de Interpretación do Camiño do Norte a Santiago. A antiga sancristía da capela foi reformada como albergue de peregrinos.

A Capela da Venerable Orde Terceira de san Francisco está contigua á igrexa, dispón dunha nave, presbiterio e sancristía. Ten un retablo barroco rexional. Utilízase como lugar



de culto onde se dá misa ocasionalmente e é o lugar onde se gardan os pasos da Semana Santa.

A capela ten un eixe lonxitudinal orientado en dirección este-oeste e a entrada por debaixo dun atrio porticado no lado norte. A igrexa de san Pedro está situada no lado este, co eixe lonxitudinal en dirección noroeste-suroeste, formando un ángulo non perpendicular coa capela. Os dous edificios teñen a entrada debaixo do porche. A antiga sancristía está situada no lado oeste detrás do altar da capela e ten a súa propia entrada dende unha rampla e escaleira.

O retablo maior sitúase no muro de peche da cabeceira. É un retablo de estilo realizado no 1743 baixo a promoción de Ciprián A. Gutiérrez, quen tamén promove as obras na capela. De advocación mariana, foi modificado en época posterior, posiblemente a finais do século XIX, cando se realiza a reforma do edificio da sancristía. É un retablo ao modelo de 'retablo de arco de triunfo' pensado para encher por completo polo testeiro. A tipoloxía é a suma dunha estrutura retabular composta, cun ou dous corpos coroados por ático semicircular e articulado en tres rúas: unha central de maior tamaño e lixeiramente adiantada e dúas rúas laterais que albergan na parte inferior portas de acceso á zona da sancristía.

A capela é propiedade da Fraternidad Local de la Orden Franciscana Seglar de Mondoñedo e a referencia catastral de acordo cos datos da Oficina Virtual do Catastro é 2498003PJ3029N0001OT.

Sexto: No anos 2022 e 2023 a extinta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actual Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude) levou a cabo obras de rehabilitación do inmovible e dentro delas abordouse unha intervención de urxencia no retablo maior, co obxecto de reforzar a súa estrutura, ademais de realizar unha desinsectación puntual e fixación de estratos polícromos.

Actualmente o retablo presenta un estado de conservación malo, de certa gravidade no que atinxe á súa estrutura, xa que na primeira metade do século XX foi obxecto de modificacións no corpo inferior que repercutiron na estabilidade do resto do retablo que se manifestan en desaxustes estruturais e alteracións de volumes. Tamén ten sucidade superficial, vernices oxidados, ataque de xilófagos, perdas volumétricas... A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pretende con esta intervención corrixir a patoloxía do retablo.

As principais actuacións a levar a cabo que se recollen no proxecto de restauración específico e que atinxen a todos os elementos do retablo (mazonería, imaxes e lenzos) son as seguintes:

- Limpeza superficial.
- Desinsectación curativo-preventiva.
- Fixación de estratos polícromos.
- Consolidación de soportes.
- Apeo de volumes. Desmontaxe parcial.
- Revisión, reposición e/ou reforzo de ancoraxes.
- Limpeza de policromías e vernices oxidados.
- Tratamento de elementos metálicos.
- Tratamento de gretas e fisuras.



- Reintegracións volumétricas. Carpintería de reaxuste estrutural e ornamental.
- Montaxe.
- Reintegracións cromáticas.
- Aplicación de protección final.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e a Fraternidade Local da Orden Franciscana Seglar de Mondoñedo para a **posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de restauración do retablo maior da Capela da Venerable Orde Terceira do Antigo Convento de Alcántara, Mondoñedo (Lugo).**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que as actuacións de intervención previstas, están incluídas no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo "Conservar o patrimonio cultural galego, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego".

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións oportunas para a restauración do retablo maior da Capela da Venerable Orde Terceira do antigo convento de Alcántara, Mondoñedo (Lugo), con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia en función das súas dispoñibilidades económicas e en consonancia co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto 246/1992 da Consellería de Economía e Facenda (DOG núm. 159 do 17 de agosto de 1992).

Terceira.- Obrigas da Fraternidade Local da Orden Franciscana Seglar de Mondoñedo.

Pola súa banda, a Fraternidade Local da Orden Franciscana Seglar de Mondoñedo, comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio. Esta libre dispoñibilidade será realizada, segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda. Así mesmo, será o responsable de aprobar o documento técnico das



actuacións e conservar e xestionar o acceso aos restos no ámbito dos terreos da súa titularidade.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das actuacións a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En todo caso, o prazo previsto para a execución da restauración é de 7 meses, ao que habería que engadir o prazo necesario para a tramitación da dispoñibilidade, licitación e adxudicación dos traballos e redacción da memoria final da intervención, polo que se propón unha vixencia do convenio ata o 31.12.2025.

Sétima: Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das



administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude,



José López Campos

O Ministro da Orde Franciscana
Seglar de Mondoñedo

Valentín Ínsua Palacios